



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE MAYORISTAS, IMPORTADORES, EXPORTADORES Y
TRANSFORMADORES DE PRODUCTOS DE LA PESCA Y ACUICULTURA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Mercedes Rodríguez Moreda, directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica formalizou coa Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abarcou dende o 5 de agosto de 2016 ata o 30 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional tivo por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e o Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de Productos de la Pesca y Acuicultura para a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros.

As accións específicas que se realizaron derivadas deste obxecto son as que seguen:

- Loxística da Feira.
- Servizos necesarios para o funcionamento da feira: seguridade, electricidade, telefonía, parking, etc.
- Custos de alugueiro e montaxe do recinto feiral.
- Servizos de plan de evacuación.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que asinou se fundamenta no seguinte:

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

Son fins da Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores





de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR) o fomento e a defensa do sistema de libre mercado, a mellora da competitividade, a defensa dos intereses do sector e a promoción de toda clase de campañas de fomento do consumo de produtos conxelados e, en particular, dos derivados da pesca.

A Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR) organizou a XVIII Feira CONXEMAR 2016, que se celebrou en Vigo, do 4 ao 6 de outubro de 2016, cuxo obxectivo foi mellorar a comercialización dos produtos conxelados do mar a través dun punto de encontro de relevancia internacional de todos os axentes da cadea de subministracións do mar.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluían o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso da sinatura do instrumento convencional que se pretendía, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

